

## O BNG E GALIZA

Manuel Herminio Iglesias

Como consecuencia dos resultados electorais, o BNG entrou nun período de reflexión e de certa interinidade ate a celebración da Asamblea do 14 de maio. Nela elixírase unha nova dirección política e un portavoz nacional.

Nin que dicir que esta situación abre un serio debate sobre o futuro da que é a organización política máis importante da historia do nacionalismo galego. E digo que abre a porta a un debate que incluso pode superar o mero cambio de persoas, para chegar a poñer en cuestión o modelo organizativo actual, dado que, ao mellor, non é o máis axeitado e útil para o futuro da organización, e para que esta abarque espazos máis amplos de electorado. Pois sabido é que dentro dela conviven, sintetizando, dúas posturas políticas unidas polo nexo do nacionalismo. Unha é nacionalismo inspirado na política socialdemócrata, e a outra un tanto máis radical, aínda que sin referencias nin modelo no mundo occidental.

Ábrese, aínda que inesperadamente, un período de modernización desta forza política que camiñaba hacia a moderación, e que baixo o meu punto de vista, fixo cousas moi importantes na súa etapa de goberno na Xunta.

Outra cousa é que esta forza que sempre estivo ao servizo dos galegos, neste momento, atope certos problemas para penetración social en sectores urbanos; penetración que lle permita recuperar electorado ate chegar ao 20 por cento de representatividade como término medio.

Penso que a estas alturas do período democrático ningún galego pon en cuestión o gran traballo que durante tantos anos fixo o BNG para rehabilitar a nosa cultura, dignificar as xentes e mellorar e modernizar esta nosa terra. Lembro cando, nos primeiros anos desta nosa democracia, a consideración negativa á que estábamos sometidos en todo o Estado. Supoño que moitos dos lectores lembrarán dese libro de *chistes de Gallegos* editado en Arxentina, no cual se nos debuxaba moi negativamente, case diría de maneira insultante. Pois algo semellante acontecía cando os galegos emigrábase por toda España. E que dicir da nosa cultura: ninguneada e machacada pola visión centralista dun poder que nalgún momento añoraba o imperio español de séculos atrás.

En fin, con erros que os houbo, o BNG, os seus militantes e simpatizantes, xunto con outras organizacións agora integradas no Bloque, sementaron no país o optimismo, a defensa da terra e as súas xentes e fixeron posible o agromar de milleiros de asociacións culturais. Rehabilitaron a dignidade política deste país e mesmo, aínda que nun período curto de tempo, colaboraron na gobernabilidade da España democrática.

Penso que este é un bagaxe digno de aplaudir nunha terra esquecida polo poder central e as forzas políticas maioritarias que samente vían e ven o noreste peninsular como graneiro de votos para chegar ao poder en Madrid.

Posiblemente coa crise desta organización nos atopemos no umbral dun cambio que abra as portas dun nacionalismo que sabe que non debe impoñer; que sabe das súas limitacións e tamén de que posee unha base de militantes que deben tratar, por todos os medios, de ampliar a visión social e política actual un chisco afastada dos problemas da xente, sobre todo na sociedade urbana. No BNG hai que superar a endogamia interna para saltar a rúa facendo propostas que non metan medo e que abran o debate sobre o futuro de Galiza dentro do estado español.

Remato afirmando que o BNG é unha forza política moi necesaria para esta terra e creo que non esaxero. Sin o BNG Galiza sería outra cousa moi distinta do que hoxe temos. Sería algo máis sumisa, menos libre e menos entendida e comprometida dentro do Estado do que somos parte importante. Esperemos que na Asamblea de maio tomen forza as ideas, e as decisións que saian sexan acertadas para o nacionalismo e para as

xentes desta terra. Quitar leccións positivas do acontecido sempre é bo, pois, o tempo en política, quita e da razóns. E xa iremos vendo o que fai este novo goberno. Polo demais, a camiñar cara o futuro con optimismo, dentro da unidade política do nacionalismo.